



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 26/05/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

##### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

##### CONCELLEIROS

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

##### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

##### NON ASISTE

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 12/05/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requirese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 12/05/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 12/05/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

#### COMUNICACION PREVIA DE OBRAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/U026/000011

Visto o escrito co número 2022/000/00000208 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 7/02/2022, presentado por Jesús Senlle Abuelo, de comunicación previa de obras consistentes na construción con bloque de formigón, levantando sobre base existente na parte posterior da finca (Referencia Catastral número 154791MH8514N0001KA).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 15/02/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante o número 2022/000/00000085 (RS) de 16/02/2022, dirixese oficio a Jesús Senlle Abuelo, ao que se lle achega o informe técnico de data 15/02/2022 e se lle indica que os prazos desde expediente quedan suspendidos ata a presentación da documentación requirida.

Considerando, que co número 2022/000/00000381 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 2/03/2022, Jesús Senlle Abuelo, presenta documentación complementaria para unir ao expediente que se tramita ao seu nome.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/03/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente debe acadarse autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Considerando, que mediante o número 2022/000/00000120 (RS) de 7/03/2022, dirixese oficio a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, achegándolle copia do expediente e solicitando que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante o número 2022/000/00000121 (RS) de 7/03/2022, dirixese oficio a Jesús Senlle Abuelo, ao que se lle achega o informe técnico de data 3/02/2022, comunicándolle que foi solicitado informe sectorial da Dirección de Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e indícaselle que os prazos desde expediente quedan suspendidos ata a recepción do devandito informe sectorial.

Resultando, que con data 24/05/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolve autorizar a obra de peche dunha parcela.

Vista a acta de comprobación documental de data 26/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Jesús Senlle Abuelo, o título habilitante para a realización de obras consistentes na construción dun peche con bloque branco visto sobre base de formigón e 1 metro de altura nunha finca (Referencia Catastral número 154791MH8514N0001KA), debendo cumprir en todo caso as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarase de contado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.

- O muro deberá recebarse e pintase por todos os seus lados nunha cor acorde ao contorno de entre as sinaladas pola Guía de Cor e Materiais de Galicia para a zona. Non pode quedar o bloque visto.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000052

Visto o escrito co número 2022/000/00000715 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 25/04/2022, presentado por Mercedes Estévez Fernández, de comunicación previa de obras consistentes na reparación da beirarrúa existente diante da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número 8309110MH7580N0001OT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante o número 2022/000/00000285 (RS) de 18/05/2022, dirixese oficio a Mercedes Estévez Fernández, ao que se lle achega o informe técnico de data 3/05/2022 e se lle indica que os prazos desde expediente quedan suspendidos ata a presentación da documentación requirida.

Considerando, que co número 2022/000/00000886 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/05/2022, Mercedes Estévez Fernández, presenta documentación complementaria para unir ao expediente que se tramita ao seu nome.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Vista a acta de comprobación documental de data 24/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Mercedes Estévez Fernández, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación da beirarrúa existente diante da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número 8309110MH7580N0001OT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000069

Visto o escrito co número 2022/999/00000381 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 16/05/2022, presentado por María Lariño Ares, en representación de CDAD PROP PERCEBE, con CIF: H- 15.480.924 de comunicación previa de obras consistentes na reparación de cuberta e fachada da edificación (Referencia Catastral número 8609320MH7580N0001PT).

Vista a acta de comprobación documental de data 25/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CDAD PROP PERCEBE, con CIF: H-15.480.924 o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación de cuberta e fachada da edificación (Referencia Catastral número 8609320MH7580N0001PT).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000070

Visto o escrito co número 2022/999/00000391 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/05/2022, presentado por María de las Mercedes Mouzo Baña, en representación de COMUNIDAD DE PROPIETARIOS SARDÑEIRO 30, con CIF: H-70.420.088 de comunicación previa de obras consistentes na reparación de filtracións en soto e reparación de canalóns na edificación (Referencia Catastral número 1046217MH8514N0000KP).

Vista a acta de comprobación documental de data 25/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a COMUNIDAD DE PROPIETARIOS SARDÑEIRO 30, con CIF: H-70.420.088 o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación de filtracións no soto e reparación de canalóns da edificación (Referencia Catastral número 1046217MH8514N0000KP), debendo cumprir en todo caso:

- O material a empregar na reparación do canon debe manter a solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000074

Visto o escrito co número 2022/000/00000917 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 25/05/2022, presentado por RSC GALICIA, con CIF: B-09.991.712 (C.P.: 15124), de



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

comunicación previa de obras a realizar na edificación (Referencia Catastral número 8802326MH7580S0006KK).

Considerando, que co número 2022/000/00000936 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 25/05/2022, RSC GALICIA, con CIF: B-09.991.712, solicita deixar sen efectos varias das actuacións incluídas na comunicación previa inicial.

Vista a acta de comprobación documental de data 26/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a RSC GALICIA, con CIF: B-09.991.712, o título habilitante para a realización de obras consistentes no pintado en cor branca das fachadas da edificación, colocado de SATE rematado en branco e reparación da cuberta da edificación existente (Referencia Catastral número 8802326MH7580S0006KK).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 3º) ASUNTOS VARIOS

#### 3.1 - DEVOLUCION DE AVAL BANCARIO A APORTA COMUNICACION AMBIENTAL SL

Visto o escrito presentado co número 2022/999/00000377 (RET) de 13/05/2022, por PEDRO ALBERTO TASENDE CANCELA, con CIF: B- 70.090.923 ,no que solicita a devolución do aval bancario número 345.334 por importe de 1.919,00 € imposto no seu día para o concurso Fisterra desde a Nube.

Considerando que, por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión de 17/10/2013, acordouse adxudicar definitivamente en favor de APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U., con CIF: B-70.090.923 a prestación do servizo denominado "Fisterra desde a nube", nun importe de 28.380,00 € e un IVE 5.959,80 €.

Considerando que, con data 15/10/2013, inscríbese no Rexisto Especial de Avais co número 345.334 o documento de Aval na entidade Nova Galicia Banco, polo que se



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

avala a APORTA COMUNICACION AMBIENTAL, S.L., polo importe de 1.919,00 €, en virtude de garantía definitiva correspondente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, para a prestación de servizos de desenvolvemento das actuacións previstas no proxecto “Fisterra dende a nube”.

Considerando que, con data 21/10/2013 asínase o contrato entre o Concello de Fisterra e APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U., para a prestación do servizo “Fisterra dende a nube”.

Considerando que, a xunta de Goberno Local na sesión de 15/11/2013, aprobou a certificación 01 / Única por importe total de 34.339,80 €.

Considerando que, o prego tipo de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán na contratación mediante procedemento negociado sen publicidade obrigatoria para a prestación de servizos que desenvolveron as actuacións previstas no Proxecto “Fisterra dende a nube” establece que o prazo de garantía do contrato será de seis (6) meses contados desde o día seguinte ao da formalización da Acta de Recepción dos traballos, e rematado o prazo de garantía sen que a Administración formulara algún dos reparos aos que fai referencia a Lei de Contratos do Sector Público, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

Visto o artigo 27 do Real Decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar extinguida a obriga garantida e cancelar o aval bancario inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 345.334, constituído ante este concello pola entidade Nova Galicia Banco, en favor de APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L., como garantía definitiva da adxudicación da prestación do servizo denominado “Fisterra desde a Nube”, polo que a partires desta data deixa de producir efectos.

2º) Trasladar este acordo á Tesourería Municipal para que proceda á devolución á entidade avalista ou ao avalado, do documento do aval bancario, debidamente dilixenciado, e dalo de baixa na contabilidade municipal.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 3.2 – EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000924 (RE) de 26/05/2022 por ROSA MARIA TRILLO PAPIN, no que comunica que o pasado 20/04/2022, cando tiña o seu vehículo marca Peugeot, modelo 406, aparcado no lugar da Insua, mentres que os operarios municipais que estaban realizando tarefas de desbroce nesazona, saltaron unhas pedriñas que impactaron contra o meu vehículo, astillando o cristal dianteiro esquerdo, polo que solicito que este concello afronte a correspondente responsabilidade patrimonial polo anormal funcionamento dos servizos públicos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Examinada a documentación que obra no expediente e visto o informe do capataz de mantemento e xefe de almacén, de data 26/05/2022, no que recoñece a veracidade dos feitos expostos pola denunciante.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Recoñecer a ROSA MARIA TRILLO PAPIN, o dereito a recibir unha indemnización como consecuencia dos danos sufridos nos seus bens ou dereitos polo funcionamento dos servizos públicos, que lle causaron danos no cristal esquerdo dianteiro do seu vehículomarca Peugeot, modelo 406, cando estaba estacionado no lugar de A Insua, o día 20/04/2022, mentres os operarios municipais realizaban tarefas de desbroce nesa zona, cunha valoración de cento sesenta e nove euros e noventa e sete céntimos (169,97 €), unha vez confirmada a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida.

2º) Aprobar, dispoñer e recoñecer a cantidade de cento sesenta e nove euros e noventa e sete céntimos (169,97 €) a que ascende á indemnización, de conformidade coa factura A/1309 de 31/12/2021, emitida por José Sambad Baliña Santos, que consta no expediente.

3º) Ordenar o pagamento de cento sesenta e nove euros e noventa e sete céntimos (169,97 €) a favor de ROSA MARIA TRILLO PAPIN, en concepto de responsabilidade patrimonial polos danos causados ao seu vehículo marca Peugeot, modelo 406.

4º) Dar conta deste acordo á Intervención e a Tesourería, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes á presente ordenación de pagamento e a fin de que se faga efectivo o pago ordenando.

5º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3.3. – AUTORIZACION E DISPOSICION DE GASTO, PARA SUBVENCIÓN DE FESTEXOS POPULARES A CELEBRAR NO ANO 2022**

#### **A) SUBVENCIÓN PARA FESTEXOS EN HONOR A VIRXE DO BO SUCESO**

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000800 (RE) de 6/05/2022 por Enrique Miguel Benlloch Ruíz, en nome e representación da ASOCIACION OS TROTAMUSICOS DE FISTERRA con CIF: G-70.556.014, no que solicita unha axuda económica para sufragar parte dos gastos derivados da celebración dos festexos en honor á Virxe do Bo Suceso, que se celebrarán os días 4 e 5 /06/2022 na Praza de Arasolis, desta vila.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Conceder á ASOCIACION OS TROTAMUSICOS DE FISTERRA, con CIF: G-70.556.014, unha axuda económica por importe de cincocentos euros (500,00 €), para sufragar parte dos gastos ocasionados co motivo dacelebración da festividade en honor á Virxe do Bo Suceso, os días 4 e 5/06/2022, con cargo á aplicación orzamentaria 338/480.00.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que para percibir a cantidade subvencionada, deberá presentar as xustificacións correspondentes establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas nos festexos en honor á Virxe do Bo Suceso – ano 2022.
- Xustificación de gasto por importe de 500,00 €
- Declaración de que non recibe outras subvencións ou axudas doutros organismos ou institucións, para os mesmos fins que os desta subvención.
- Certificado de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia.

### **B) SUBVENCIÓN PARA FESTEXOS EN HONOR A SAN XOAN DE SARDIÑEIRO**

Visto o escrito presentado co número 2022/000/0000032 (RE) de 26/05/2022 por OSCAR JOSE CANCELA DOMINGUEZ, en nome e representación da ASOCIACION CULTURAL SARDIÑEIRO É VIDA, con CIF: F-70.553.490, no que solicita unha axuda económica para sufragar parte dos gastos derivados da celebración dos festexos en honor a San Xoán de Sardiñeiro, que se celebrarán os días 24, 25 e 26/06/2022 no campo da festa do lugar de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder á ASOCIACION CULTURAL SARDIÑEIRO É VIDA, con CIF: F-70.553.490, unha axuda económica por importe de dous mil euros (2.000,00 €), para sufragar parte dos gastos ocasionados co motivo da celebración da festividade en honor a San Xoán de Sardiñeiro, os días 24, 25 e 26/06/2022, con cargo á aplicación orzamentaria 338/480.00.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que para percibir a cantidade subvencionada, deberá presentar as xustificacións correspondentes establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas nos festexos en honor a San Xoán de Sardiñeiro – ano 2022.
- Xustificación de gasto por importe de 2.000,00 €



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Declaración de que non recibe outras subvencións ou axudas doutros organismos ou institucións, para os mesmos fins que os desta subvención.
- Certificado de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia.

### 3.4 - HORARIO ESPECIAL PARA FESTEXOS

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000933 (RE) de 26/05/2022 por OSCAR JOSE CANCELA DOMINGUEZ, en nome e representación da ASOCIACION CULTURAL SARDIÑEIRO É VIDA con CIF: F-70.553.490, no que con motivo da celebración dos festexos en honor a San Xoán de Sardiñeiro, solicita a ampliación do horario de peche para os días 23, 24 e 25/06/2022.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Óscar José Cancela Domínguez, en nome e representación da ASOCIACION CULTURAL SARDIÑEIRO É VIDA con CIF: F-70.553.490, e autorizar a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do espectáculo público da festividade de San Xoán de Sardiñeiro, que se realizará no campo da festa do lugarde Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal os días 23, 24 e 25/06/2022.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 4:00 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de finalización do espectáculo queda establecido nas 6:30 horas. A esta hora iniciarase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 3.5 - AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000885 (RE) de 19/05/2022, por S.M.E, no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 24/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de trescentos euros (300,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a S.M.E., unha axuda económica de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000888 (RE) de 20/05/2022, por J.M.D.D., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 24/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J.M.D.D., unha axuda económica de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

C) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000906 (RE) de 24/05/2022, por C.L.C., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 24/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de douscentos oitenta e nove euros (289,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a C.L.C., unha axuda económica de emerxencia social por importe de douscentos oitenta e nove euros (289,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000915 (RE) de 25/05/2022, por J.M.D.C., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para poder sufragar parte dos gastos pola compra de dúas próteses completas de resina.

Visto o informe de data 26/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J.M.D.C, unha axuda económica de emerxencia social por importe de cincocentos cincuenta euros (550,00 €), que equivale ao 50% do importe da próteses que precisa.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

D) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000922 (RE) de 25/05/2022, por I.M.M., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 25/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de douscentos euros (200,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a I.M.M., unha axuda económica de emerxencia social por importe de douscentos euros (200,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 3.6 – TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000907 (RE) de 25/05/2022, por C.D.C.I., no que solicita a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

Visto o informe de data 26/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que o certificado do grao de discapacidade é provisional ata o 2/05/2024, polo que se propón a concesión da tarxeta de estacionamento ata o 2/05/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a C.D.C.I., a tarxeta de estacionamento ata o vindeiro 2/05/2024, por ser persoa con problemas de mobilidade.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.